

CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

BANDO

AXUDAS A PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES E AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EMPRESAS DE PRODUCCIÓN AGRÍCOLA PRIMARIA

O xoves día 14 de xaneiro de 2021 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Enerxético de Galicia pola que se convocan axudas para proxectos de equipamentos de aproveitamento de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria.

BENEFICIARIOS

As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, incluídos no sector de produción agrícola primaria e as empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Será subvencionable o prezo dos equipamentos, a súa montaxe e posta en marcha así como o custo de elaboración dos documentos técnicos do proxecto e de solicitude de axuda.

Proxectos de enerxías renovables: serán proxectos subvencionables os custos de investimento adicionais necesarios para fomentar a produción procedente de fontes renovables.

Proxectos de aforro e eficiencia enerxética: considérase custo elixible os custos de investimento adicionais necesarios para lograr un nivel máis elevado de eficiencia enerxética.

CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será do **30 % do custo elixible da nova instalación, cun máximo de 100.000 euros por proxecto e de 300.000 € por empresa**, salvo no suposto de instalacións de autoconsumo colectivo, no cal se establece unha axuda máxima de 500.000 € por proxecto e de 500.000 € por empresa.

A intensidade da axuda incrementárase un 20 % no caso de axudas concedidas a pequenas empresas e un 10 % no caso de medianas empresas.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será **DUN MES** contado desde o seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 20 de xaneiro de 2021.

O Alcalde,

Asdo.: Antonio de Dios Álvarez.

